

TECSAGES, S.L.



"A caza é unha actividade que se pode considerar perpetua, na cal se moven grandes sumas de diñeiro"

Juan Antonio Fernández Pérez

Datos básicos

Actividade:	Consulting veterinario-cinexético
Sector de actividade	Agricultura, gandería e pesca
Nº empregados	4
Inversión inicial	3.606 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado integramente coas nosas aportacións persoais. Recibimos unha subvención de 1.200 € cada un, concedida pola Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, en concepto de autoemprego.
Web:	www.cazaourense.es
Municipio:	Ourense, Ourense
Ano creación:	1997

Descrición do proxecto

Ofrecemos os seguintes servizos:

Xestión e explotación cinexética: xestión de 50 TECORES de Galicia, e posue en propiedade dúas explotacións cinexéticas (Turismo cinexético)

Turismo: Espazo natural de carácter privado "Montes de Leboireon", Centro de interpretación privado, rutas de sendeirismo, observación de fauna e fotografía. Turismo cinegético.

Obra forestal, desbroces manuais e mecanizados, limpeza de ríos, repoboacións tratamentos selvícolas

Proxectos medioambientais, parques naturais

Clínica veterinaria, tenda especializada e perruquería canina. 300 metros cadrados no centro de Ourense.



Datos empresa

Claves do éxito


1. Ser os primeiros en Galicia en crear unha empresa de xestión cinexética, o que nos permitiu acaparar o mercado.
2. Ter un carácter competitivo, no sentido de tentar mellorar día a día no seu traballo.
3. Por suposto o traballo, ao cal dedicamos moitas horas ao día e a formación que adquirimos, que nos converteu en verdadeiros profesionais en sanidade e xestión cinexética.
4. A caza é unha actividade que se pode considerar perpetua, na cal se moven grandes sumas de diñeiro.
5. Boa conexión cos socios dos coutos de caza onde ofrecemos os nosos servizos, un traballo profesional que é o que demandan os socios.

Situación actual

Non dispoñible

Perfil cliente

Os nosos clientes potenciais son coutos de caza e clientes particulares como calquera afeccionado á caza, tanto de Galicia como do resto de España.



Idea inicial

Antes de realizar a carreira, Juan Antonio xa tiña pensado dedicarse a traballar coa fauna salvaxe. Cando finaliza os estudos e realiza un Máster en León, decide crear a empresa.

Juann Antonio xunto con outro socio creou entón TECSAGES, que se corresponde coas siglas Técnicos en Sanidad y Gestión cinegética.

Principales dificultades y amenazas futuras

- A realización de todos os tramites e papeleo que supón crear unha empresa.
- A ignorancia dun sector da poboación rural galega en canto ao deporte da caza, a destrución da fauna salvaxe e a escasa comprensión da actividade que realizamos.
- Tamén nos vimos perxudicados pola lexislación vixente en canto ao número de licenzas e de cazadores.

A ameaza futura que máis nos preocupa é a entrada no mercado da competencia que se deu conta de que pode ser un negocio rentábel establecerse en Galicia.

Perfil promotores

O promotor Juan Antonio é Licenciado en Veterinaria.

A empresa conta con outro socio.

Con menos de trinta anos, crean unha consultora do sector veterinario – cinexético.

Aptitudes necesarias

Facer o que che gusta, non desanimarte e traballar sen horarios.



Guía de Actividad

Clínicas veterinarias (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Dedicarme ao que me gusta

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Non

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desarrollar con éxito un proxecto empresarial?

Anecdotario

Non dispoñible

